

TEXTO INSTITUCIONAL POLO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

“En 1975, a Organización das Nacións Unidas convidou aos seus países membros a declarar o 8 de marzo como Día Internacional da Muller para ter presente que a loita polos dereitos humanos é tamén a loita pola igualdade entre mulleres e homes”. (Declaración institucional do Congreso. 2009).

Un ano máis celebramos o 8 de marzo. Nesta data conmemoramos a loita por unha participación activa e visible das mulleres na sociedade, do mesmo xeito que toca seguir a reivindicar unha igualdade de oportunidades para mulleres e homes que sexa efectiva e real, como pilar básico dunha sociedade democrática.

No Concello de Valdoviño procúrase a transversalidade de xénero en todas as áreas que ocupa a administración local. Así, desde o ámbito político, institucional e técnico, seguen a planificarse actuacións que teñen como obxectivo o impacto comunitario para a igualdade, corrixindo aspectos do quefacer municipal e estudando tamén a realidade de Valdoviño e as situacións de desigualdade que poida existir, no marco estrutural ou social.

Durante este ano, desde o programa municipal “Somos e Contamos” seguíronse a planificar proxectos e actuacións que persiguen diferentes obxectivos. Desde os servizos de conciliación da vida familiar e laboral, procúrase unha intervención pedagóxica que garanta uns espazos igualitarios, eliminando calquera estereotipo de xénero que poida sesgar a liberdade de ser dos nenos ou das nenas.

Asimesmo, desde o Concello realízanse durante o ano actividades de sensibilización que reforzan a importante idea de que a sociedade é quen ten a vontade e a capacidade de mudar aquelas realidades baseadas en tratos de desigualdade ou violencia. Por iso é importante que a sociedade entenda que a invisibilidade das mulleres dun xeito permanente ao longo da Historia non é casual, senón que foi funcional para esas sociedades. Exactamente iso non é o que queremos agora. E para iso traballamos.

Queremos nenas e nenos que poidan medrar sendo e decidindo, sen o peso dunha carga herdada que limita o desenvolvemento persoal e social. Queremos soltar esa carga histórica e construír unha normalidade igualitaria e xusta que faga do mundo, e do noso Concello, un lugar mellor.

Cada 8 de marzo, Valdoviño segue na loita polos dereitos sociais.